



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN. DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN - SERVIZO DE EMPREGO, RELACIÓNS LABORAIS, TRABALLO AUTÓNOMO E ECONOMÍA SOCIAL

Anuncio

CONVENIOS COLECTIVOS

Código 27000185011982

Visto o acordo polo que se aproban os días inhábiles para o ano 2026 do Convenio Colectivo Provincial do Comercio do Metal de Lugo, asinado o día 26 de novembro de 2025 pola representación empresarial e das centrais sindicais CC.OO., U.G.T. e C.I.G., como membros da comisión negociadora e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos, acordos colectivos de traballo e plans de igualdade ACORDO:

PRIMEIRO: Ordenar a inscrición do citado acordo no rexistro de convenios deste departamento territorial, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 15 de decembro de 2025.- A directora territorial, Carmen José López Rodríguez.

ACTA DE ACORDO COMISIÓN PARITARIA

CONVENIO COLECTIVO PROVINCIAL DE COMERCIO DO METAL DE LUGO

ASISTENTES

Pola Parte Empresarial:

VÍCTOR FERREIRO SEGADE. - DNI **8422***

JOSÉ FRANCISCO DORADO LÓPEZ. - DNI **8079***

JOSÉ EDUARDO FERNÁNDEZ VILA. - DNI **6150***

FERNANDO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ. - DNI **5730***

CONCEPCIÓN VILLAR VARELA. - DNI **8489***

IGNACIO DE OLIVEIRA PÉREZ. - DNI **3232***

Polas Centrais Sindicais

CC.OO.

JUAN ZAS CANDAME. - DNI **7601***

UGT

CARLOS GARCÍA VÁZQUEZ. - DNI **9221***

MARÍA ISABEL LÓPEZ LÓPEZ. - DNI **5359***

CIG

ALFONSO LOSADA RODRÍGUEZ. - DNI **5781*

UNAI DONOSO REDONDO. - DNI **8807***

En Lugo, sendo as 12.00 horas do día 26 de novembro de 2025, reúnense nos locais da Confederación de Empresarios de Lugo [Pz. Santo Domingo, nº. 6-8, 2º] as persoas á marxe relacionadas, membros todas elas da Comisión Paritaria do Convenio Colectivo Provincial de Comercio do Metal de Lugo.

Logo dos debates oportunos, adóptanse os seguintes

ACORDOS:

Primeiro.- De conformidade co previsto no artigo 16 B) do Convenio Colectivo Provincial de Comercio do Metal de Lugo, para os supostos nos que na anualidade 2026 tivera lugar un exceso sobre a xornada anual de traballo de 1.768 horas, cada persoa traballadora desfrutará como días inhábiles ou non laborables e retribuídos de convenio, a maiores dos días 24 e 31 de decembro de 2026, os seguintes, nos termos indicados no texto do Convenio:

- 5 de xaneiro
- 16 de febreiro
- 20 de marzo
- 7 de decembro

Habida conta de terse sinalado como inhábil pola Comisión Paritaria o día 16 de febreiro de 2026 por mor do carácter festivo do martes 17 de febreiro (martes de Carnaval) en moitos concellos da provincia, recórdase ás empresas con centros de traballo ubicados noutros concellos a posibilidade de fixar no seu calendario laboral días inhábiles alternativos aos sinalados pola Comisión ao fin de adaptar a distribución da xornada á xornada máxima anual de traballo, elo de conformidade co sinalado no artigo 16 B do Convenio.

Segundo.- Remitir a presente Acta á Autoridade Laboral competente aos efectos legais oportunos con canta información e documentación resulte necesaria.

Terceiro.- Aos efectos do rexistro e depósito do presente acordo de fixación de días inhábiles para o exercicio 2026 do Convenio Colectivo Provincial de Comercio do Metal de Lugo, autorízase a D^a. Guadalupe Hervera Iglesias, titular del D.N.I. núm. **.321.1**F, e responsable de negociación colectiva da Confederación de Empresarios de Lugo, á presentación da solicitude de inscrición correspondente ante o Rexistro da autoridade laboral competente, facilitando todos os datos relativos ás partes asinantes, data de firma, ámbito persoal, funcional, territorial e temporal e actividades económicas cubertas e cantos outros sexan necesarios. Do mesmo xeito se lle autoriza a D^a. Guadalupe Hervera Iglesias á presentación, xunto coa solicitude de inscrición, de tanta documentación sexa necesaria para tal inscrición.

E en proba de conformidade, asinan a presente Acta as persoas ao marxe relacionadas en lugar e data indicados no encabezamento.

Fdo.: Víctor Ferreiro Segade, José Francisco Dorado López, José Eduardo Fernández Vila, Fernando Fernández Fernández, Concepción Villar Varela, Ignacio de Oliveira Pérez, Juan Zas Candame, Carlos García Vázquez, María Isabel López López, Alfonso Losada Rodríguez, Unai Donoso Redondo.

R. 3535

CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

O Sr. Alcalde do Concello de Baleira en data 15/12/2025 aprobou os padróns das taxas pola prestación do servizo de abastecemento de auga, recollida de lixo, taxa de alcantarillado e canon da auga correspondentes **ó 6º bimestre do 2025**. Durante o prazo de 15 días os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación do referido padrón e as liquidacións incorporadas a el poderase interpor recurso de reposición ante O Sr. Alcalde, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interporse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende a presente publicación.

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 01/01/2026 e 28/02/2026 ámbolos dous inclusive. Aos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas súas respectivas contas bancarias a partir do día 01/01/2026. Ao resto dos contribuíntes

deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento **(no caso do canon da auga pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia)** e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan.

Publica-la aprobación do padrón e o anuncio de cobranza no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e Taboleiro de Edictos do Concello. Ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, a publicación terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

Baleira, 15 de decembro de 2025.- O alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 3536

BEGONTE

Anuncio

Por resolución de Alcaldía, aprobouse o padrón fiscal correspondente ao mes de novembro de 2025 do servizo de axuda no fogar a través da lei de dependencia por un importe de 5.898,39 € e o programa básico de axuda no fogar por un importe de 1.010,71 €.

Por medio do presente expónse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que podan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Begonte, 5 de decembro de 2025.- O alcalde, D. José Ulla Rocha.

R. 3531

BURELA

Anuncio

EXPEDIENTES 2196/2025 E 2197/2025 EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. SETEMBRO 2025.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Burela en sesión celebrada o día 25 de novembro de 2025 acorda a aprobación inicial do Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de setembro de 2025 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de 10.124,67 €, correspondendo 1.1127,10 € a libre concorrencia e 8.997,57 € a dependencia. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Advértese que, transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de prema e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Burela, 5 de decembro de 2025.- A alcaldesa – presidenta, María del Carmen López Moreno.

R. 3537

COSPEITO

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DA APROBACIÓN DO PADRÓN DE CONTRIBUÍNTES POLAS TAXAS DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE AUGA, SUMIDOIROS, RECOLLIDA DOMICILIARIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E CANON AUTONÓMICO DE AUGA CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2025.

En cumprimento do establecido no artigo 62.3. da Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeral Tributaria, o Alcalde –Presidente mediante Resolución do 19/05/2021 adoptou acordo polo que se aproba o Padrón de contribuíntes das Taxas pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, sumidoiros, recollida domiciliaria de residuos sólidos urbanos, e canon autonómico de auga correspondentes ao SEGUNDO trimestre de 2025 e cuxo contido literal da parte dispositiva que recolle dito acordo é o seguinte:

“Realizadas as lecturas de contadores de consumo de abastecemento de auga correspondentes ao período do 2º trimestre de 2025 e vistas as altas novas no padrón da taxa de lixo.

Estando en vigor a Ordenanza fiscal reguladora da Taxa de sumidoiros aprobada con data 27/09/1989, que no artigo 8º.3. prevé que as cotas esixibles se liquidarán e recadarán polos mesmos períodos e nos mesmo prazos que os recibos de subministro e consumo de auga.

Vista a redacción da Ordenanza fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de lixo, aprobada polo pleno da corporación en sesión celebrada o 4 de novembro de 2015, e cuxo texto articulado definitivo, publicado no BOP núm. 300/2015 do 31/12, recolle no artigo 8 que o período impositivo coincide co trimestre natural devengándose o primeiro día do período impositivo.

Vista a Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo municipal de abastecemento de auga potable a domicilios do Concello de Cospeito que establece nos artigos 7º e 8º o devengo trimestral das cotas periódicas e a súa liquidación en documento cobratorio único xunto coas taxas da rede de saneamento e recollida domiciliaria de lixo.

Ditadas Resolucións de Alcaldía polas que se resoven solicitudes de cambio de titularidade de contratos de abastecemento de auga, sumidoiros e recollida de lixo.

Tendo en conta o establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, e no Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon de auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de auga cuxa Disposición derradeira segunda establece a súa entrada en vigor a partir do 1 de xullo de 2012.

Considerando que en virtude do establecido no artigo 48.3. do citado decreto 136/2012, do 31 de maio, en relación co artigo 2º.21 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, o Concello de Cospeito ten a condición de entidade subministradora obrigada a repercutir, conxuntamente cas liquidacións da taxa de abastecemento de auga e sumidoiros as correspondentes cotas do canon autonómico de auga con arrego as tipos e normas de liquidación que os citados texto legais establecen.

Confeccionado de acordo cas referidas disposicións regulamentarias o padrón de contribuíntes suxeitos a tributación correspondentes ao 2º período trimestral do 2025, contendo as variacións anteriores.

De conformidade co establecido no artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no artigo 62.3. da Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeral Tributaria e nas Ordenanzas fiscais de cada tributo e demais disposicións concordantes, e considerando o acordado no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como a competencia que ostento como Alcalde –Presidente para ditar o presente acto, en virtude do establecido no artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 41 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Con efectos exclusivos sobre el presente expediente, avocar la competencia delegada en la Junta de Gobierno Local en el punto tercero 11. De la Resolución de Alcaldía núm. 530/2023 de data 18.07.2023.

SEGUNDO.- Aprobar o Padrón de contribuíntes polos conceptos de Taxa polo servizo de abastecemento de auga, sumidoiros e recollida domiciliaria de lixo e canon autonómico de auga cunha cota total de 96.120,91€

(IVE incluído) correspondente ao 2º trimestre de 2025 polos seguintes importes desagregados por conceptos tributarios:

<i>Período</i>	<i>Auga</i>	<i>Lixo</i>	<i>Sumidoiros</i>	<i>Canon de auga</i>	<i>IVE</i>	<i>TOTAL</i>
2º T 2025	42.535,26	36286,72	802,98	12.242,6	4.253,35	96.120,91

TERCEIRO.- Dispor a apertura dos períodos voluntarios de pago dos referidos padróns e nos períodos indicados, para a xestión recadatoria dos padróns correspondentes, dando exposición pública ao acordo mediante anuncio a inxerir no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial do Concello de Cospeito.

CUARTO.- Dar conta da presente resolución a Tesourería e Intervención Municipal e ó Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que este celebre, en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

CANON DE AUGA

De conformidade co disposto no artigo 49.7. do Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon de auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de auga, faise constar que o procedemento para o cobro do canon de auga en período voluntario será unitario co seguido para a recadación dos dereitos que á entidade subministradora correspondan polo servizo de abastecemento de auga. O contribuínte que a falla de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon de auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo no artigo 102.3. da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, os padróns aprobados expóñense ao público nas oficinas do Concello durante o prazo de un mes, contado a partir da publicación do presente anuncio no BOP que terá carácter e producirá os efectos de notificación colectiva. Durante o referido prazo os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Igualmente poderán formular no prazo de un mes o recurso de reposición regulado no artigo 14.2. do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais que deberá ser resolto polo órgano competente no prazo de outro mes contado a partir do día seguinte ao da súa presentación, entendéndose desestimado se transcorrido dito prazo no recaera resolución expresa, cos efectos xurídicos previsto nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra a resolución do recurso de reposición non pode interpoñer novamente este recurso, poden os interesados, interpoñer directamente recurso contencioso –administrativo ante o Xulgado do Contencioso –Administrativo de Lugo no prazo de dous meses desde a notificación da resolución expresa ou de seis no suposto de desestimación presunta por silencio administrativo. Non obstante, poderá utilizar e exercer calquera outra acción legal que estime pertinente na defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico –administrativa ante o órgano económico –administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes desde que se entenda producida a notificación.

FORMA DE PAGAMENTO

1. O pago das débedas tributarias realizarase en período voluntario nos prazos que figuran no presente anuncio e nas Entidades colaboradoras na recadación deste Concello, nas horas de atención ao público (Caixa Rural Galega e Abanca). Transcorridos ditos prazos iniciarase o período executivo de cobro, que determinará o de devengo dos recargos de constrinximento e os intereses de demora que procedan.

2. Os contribuíntes que non teñan domiciliado o pagamento, recibirán no seu domicilio, dentro do período de cobro en voluntaria, modelo de liquidación por duplicado exemplar para o seu pagamento en calquera das entidades financeiras citadas, debendo recabar en caso de extravío, duplicado nos servizos económicos do Concello antes do remate do referido período. Un dos exemplares debidamente selado pola Entidade financeira constituirá carta de pago en poder do contribuínte acreditativo da extinción da débeda tributaria.

3. Se así o desexa no momento de efectuar o pago, poderá solicitar da Entidade financeira a domiciliación do tributo, sen ningún acto de trámite adicional, quedando a partir dese momento incorporado na base de datos dos padróns sucesivos.

Cospeito, 16 de decembro de 2025.- O alcalde, Armando Castosa Alvaríño.

R. 3538

FRIOL

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR E VIVEIRO DE EMPRESAS DO MES DE NOVEMBRO DE 2025

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 15 de decembro de 2025, prestou aprobación ao Padrón do Prezo Público do Servizo de Axuda no Fogar do mes de NOVEMBRO, por un importe total de 5.693,34€ e, na mesma sesión, prestou aprobación ao Padrón do Prezo Público do Viveiro de Empresas, do mes de NOVEMBRO, por unha base imponible de (405,36 €), máis o IVE (85,13 €), o que fai un total de 490,49 €.

Segundo o disposto no artigo 83.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento dos prezos públicos, que dispoñen dun prazo de 20 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que podan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulase ningunha reclamación. A presente publicación, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da Lei Xeral Tributaria.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14.2.c da TRLRHL, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período da exposición pública dos correspondentes padróns.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición. Tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A cobranza en período voluntario tanto do Padrón do Prezo Público do Servizo de Axuda no Fogar como do Padrón do Prezo Público do Viveiro de Empresas, dos períodos indicados, terá lugar no prazo de dous meses contados a partir da finalización do período de exposición pública do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia -BOP-, transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciárase o período executivo que determina a existencia dos xuros de demora e dos recargos que correspondan, nos termos dos artigos 26 a 28 da Lei 58/2023, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio, de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas/IBAN, designadas polos contribuíntes.

Friol, 16 de decembro de 2025.- O alcalde-presidente, José Ángel Santos Sánchez.

R. 3539

LÁNCARA

Anuncio

Publicación do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Lámara 2026-2028 aprobado en sesión ordinaria do pleno do concello realizada o día 27 de novembro de 2025:

"PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE LÁNCARA 2026-2028**PREÁMBULO**

O artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións introduce a obriga para os órganos das Administracións Públicas e calesqueira entes públicos responsables da xestión de subvencións: elaborar un plan estratéxico de subvencións, nos que deben concretarse os obxectivos e efectos previstos coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, suxeitándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

O citado artigo 8, relativo ós "Principios xerais" establece:

"1. Os órganos das Administracións públicas ou calquera entes que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

2. Cando os obxectivos que se pretenden conseguir afecten o mercado, a súa orientación debe dirixirse a corrixir fallos claramente identificados e os seus efectos deben ser minimamente distorsionadores.

3. A xestión das subvencións a que se refire esta lei realizarase de acordo cos seguintes principios:

a) Publicidade, transparencia, concorrência, obxectividade, igualdade e non discriminación.

b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.

c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos".

Este artigo 8 foi desenvolvido polos artigos 10 a 15 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, establecendo cales deben ser os principios reitores, o ámbito e o contido dos plans estratéxicos, así como a competencia para a súa aprobación, o seguimento que debe realizarse e os efectos do seu incumprimento. Se ben este articulado non é aplicable aos Concellos, recolle algúns aspectos que poden ser tidos en conta.

O artigo 5 da Lei de Subvencións de Galicia 9/2007 indica que:

"Principios xerais.

1. Os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria".

O Plan Estratéxico, en diante PES, deberá confeccionarse con carácter previo a calquera proposta de outorgamento de subvencións e as propostas que se plantexen deben estar recollidas no plan. A normativa referida establece como principios inspiradores a transparencia que incide de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público adicado á actividade subvencional das Administracións Públicas.

Nesta liña de mellora da eficacia, a lei establece igualmente a necesidade de elaborar o Plan Estratéxico, que introduza conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir, cos costes previsibles e as súas fontes de financiamento, co obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir a través das subvencións coas previsións de recursos dispoñibles con carácter previo ao seu nacemento e a forma anual ou plurianual.

Non se recollen no plan estratéxico de subvencións as axudas de emerxencia social cúa regulación se contén nas bases de execución do orzamento motivada pola modificación do artigo 2.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia operada polo artigo 29 da Lei de 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas.

O Concello de Láncara non contempla neste plan ningunha axuda de duración plurianual aínda que segue apoiando accións e colectivos aos que xa viña facendo en exercicios anteriores dada a súa importancia para o tecido social, comercial, asociativo, cultural, educativo e deportivo do concello.

Para dar cumprimento á citada normativa, o Concello de Láncara aproba o seu Plan Estratéxico de Subvencións 2026-2028.

ARTIGO 1. ÁMBITO TEMPORAL.

O ámbito temporal do presente Plan comprende os exercicios 2026 a 2028 inclusive, de conformidade co artigo 11.4 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, que establece un período de vixencia dos PES de tres anos; non obstante, adecúa a súa vixencia á desta corporación e en prexuízo, de conformidade co artigo 14 do mesmo texto legal, de actualizalo anualmente, de acordo coa información relevante dispoñible.

ARTIGO 2. NATUREZA XURÍDICA

Os Planes Estratéxicos de Subvencións son un instrumento de xestión de carácter programático, que carece de rango normativo, que non supón unha incidencia directa na esfera dos particulares, nin a súa aprobación xera dereitos nin obrigas para a Administración.

A súa efectividade queda condicionada ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, polo que a aprobación das correspondentes bases e convocatorias das diferentes liñas de subvención, así como das dispoñibilidades orzamentarias, acomodaranse en cada momento a ditos obxectivos.

ARTIGO 3. COMPETENCIA

O órgano competente para a aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións, é o Pleno da Corporación, dado que se trata dun instrumento de planificación estratéxica da actividade subvencional ou de fomento e de xestión económica.

ARTIGO 4. BENEFICIARIOS

O Concello de Láncara concederá subvencións a favor de persoas físicas ou Entidades privadas coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia local.

ARTIGO 5. LÍÑAS DE SUBVENCIÓN E OS SEUS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS.

O presente Plan Estratéxico do Concello de Láncara resulta de aplicación directa a todas as subvencións concedidas anualmente polo Concello mediante os seguintes procedementos de concesión de subvencións:

- Subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva.
- Subvencións nominativas previstas nas bases de Execución do Orzamento.

Con carácter xeral, as subvencións se concederán en réxime de concorrencia competitiva; non obstante, poderán concederse mediante axuda directa aquelas subvencións que figuren como nominativas nas Bases de Execución do orzamento.

As Liñas estratéxicas de actuación recollidas no presente Plan Estratéxico, no que se integran as liñas de subvencións do Concello, son as seguintes:

Liña 1.- Fomento da promoción do deporte, cultura, festexos, a educación e mocidade nos seus distintos ámbitos.

Liña 2.- Fomento da acción social e tecido asociativo.

5.1.- Subvencións da Liña 1.- Fomento da promoción do deporte, cultura, festexos, a educación e mocidade nos seus distintos ámbitos.

a) Obxectivo estratéxico:

Apoiar a realización de proxectos e actividades abertas ao público en xeral das asociacións sen ánimo de lucro existentes no Concello, con fins de carácter educativo, social, fomento do comercio, cultural e deportivo.

b) Obxectivos específicos:

- Fomento das actividades culturais levadas a cabo por agrupacións sen ánimo de lucro do termo municipal por ser transmisoras da cultura en todos os seus ámbitos.
- Fomento do comercio, da creación e da innovación comercial como parte importante da riqueza do noso municipio.
- Fomento do deporte, tanto aficionado coma federado no ámbito dos obxectivos de desenvolvemento sostible que implementan os hábitos dunha vida saudable da nosa veciñanza.

c) Prazo de execución: Anual.

d) Costes previsibles: Os costes previstos para o período 2026-2028 serán ata o máximo da dispoñibilidade das consignacións orzamentarias recollidas no orzamento correspondente a cada exercicio.

e) Fontes de financiamento: O orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións recollidas no plan de actuación e nas liñas específicas.

f) Procedemento de concesión: O procedemento de concesión se realizará en xeral por concorrencia competitiva, e de forma directa para as entidades que figuren nominativamente nas Bases de Execución do Orzamento.

g) Plan de actuación: O plan de actuación para a execución destas liñas estratéxicas, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria, e os convenios de colaboración ou acordos de concesión que poidan subscribirse ou ditarse para regular o outorgamento de subvencións nominativas.

5.2.- Subvencións Liña 2.- Fomento da acción social e tecido asociativo.

a) Obxectivo estratéxico:

- Fomento das actividades das asociacións como parte fundamental da dinamización da sociedade.

b) Obxectivos específicos:

- Fortalecer o movemento e tecido asociativo local nos ámbitos dos servizos sociais, tales como actividades nas áreas de familia, infancia e mocidade e persoas maiores.
- Fomentar a conciliación no termo municipal e o asentamento da poboación no Concello de Láncara.

c) Prazo: Convocatorias anuais.

d) Costes previsibles: Os costes previstos para o período de vixencia do presente PES serán ata o máximo das dispoñibilidades orzamentarias consignadas recollidas no orzamento que se aprobe.

e) Fontes de financiamento: O orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións orzamentarias recollidas no plan de actuación e liñas específicas.

f) Procedemento de concesión: O procedemento de concesión se realizará en xeral por concorrencia competitiva, e de forma directa para as entidades que figuren nominativamente nas Bases de Execución do Orzamento.

g) Plan de actuación: O plan de actuación para a execución destas liñas estratéxicas, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria, e os convenios de colaboración ou acordos de concesión que poidan subscribirse ou ditarse para regular o outorgamento de subvencións nominativas.

ARTIGO 6. PRAZOS DE EXECUCIÓN

Con carácter xeral, as subvencións municipais terán un prazo de execución anual, sendo o período elixible a efectos de xustificación o ano natural.

Naqueles supostos nos que as circunstancias fagan convinte a fixación dun prazo de execución superior ao anual, ou a modificación do período flexible, se deberán recoller nas correspondentes bases das subvencións.

ARTIGO 7. FINANCIACIÓN

A efectividade das liñas de axudas e subvencións engadidas no presente plan quedarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente orzamento anual. Previo á concesión de calquera tipo de subvención procederase á tramitación da autorización do gasto correspondente.

ARTIGO 8. PAGO ANTICIPADO DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS

De acordo co previsto no artigo 34.4 da Lei Xeral de Subvencións que establece que *“tamén se poderán realizar pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Dita posibilidade e o réxime de garantías deberán preverse expresamente na normativa reguladora da subvención”*.

As bases das diferentes convocatorias, en función das necesidades de financiación do tipo de proxecto a subvencionar, dos destinatarios da subvención e dos principios de eficacia e eficiencia que deben rexer en toda actuación pública poderán de forma motivada establecer a posibilidade de pagos anticipados.

ARTIGO 9. CONTROL E SEGUIMENTO DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS.

O control e seguimento do presente Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Láncara, realizarase de forma anual, en dous aspectos.

- Control económico - financeiro das subvencións concedidas, que está encomendado á Intervención do Concello de Láncara, que se realizará nas condicións recollidas na lexislación vixente.
- Cada Servizo velará polo cumprimento do presente plan durante a súa vixencia.

Finalizada a vixencia do Plan, e antes da elaboración do seguinte, o concelleiro da área presentará perante o pleno durante o primeiro cuadrimestre do ano un informe de avaliación, na que se contemple, a lo menos, o grado de cumprimento do Plan, a eficacia e eficiencia do outorgamento de subvencións na consecución dos obxectivos e efectos pretendidos e conclusións.

- A intervención analizará, xunto co informe de análise do cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e cumprimento da regra do gasto da liquidación orzamentaria do exercicio vencido, en informe independente, o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria da execución do Plan Estratéxico de Subvencións da anualidade correspondente indicando grado de execución e relevancia do mesmo respecto do análise xeral.

ARTIGO 10. PREMIOS

Poderán facerse convocatorias de premios nas áreas seguintes:

- Nadal
- Entroido
- Concurso de gando

ARTIGO 11. TRANSPARENCIA.

Todas as subvencións concedidas polo Concello, en cada unha das súas liñas estratéxicas, programas de axuda e convocatorias serán publicadas durante o mes seguinte a cada trimestre natural, de acordo cos artigos 30 e 31 do Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, no portal de transparencia, tanto no apartado Subvencións, como no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica, no taboleiro de anuncios físicos, no Boletín Oficial cando fora preciso e na Base de Datos Nacional de Subvencións, indicando beneficiario, contía concedida e o proxecto ou acción á que vai destinada.”

Láncara, 16 de decembro de 2025.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 3540

MURAS

Anuncio

O Concello en Pleno, en sesión ordinaria celebrada o día 26 de febreiro de 2025, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles (IBI).

Durante o período de exposición ó público non se formularon reclamacións, elevándose a definitivo o acordo municipal adoptado, en aplicación do artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, entrando en vigor ao día seguinte á publicación da súa aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, e permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

De conformidade co artigo 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo de calquera outro que se estime oportuno; e deberá presentarse ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, isto de conformidade co previsto no artigo 10.1.b) da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O texto íntegro, incluída a modificación da presente ordenanza fiscal, é:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES NO CONCELLO DE MURAS

Artigo 1º.- Feito imponible.

1.- O feito imponible do Imposto sobre Bens Inmóbles está constituído pola titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmóbles rústicos, urbanos e sobre os inmóbles de características especiais:

- a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmóbles o sobre os servizos públicos aos que estean afectos.
- b) Dun dereito real de superficie.
- c) Dun dereito real de usufruto.
- d) Do dereito de propiedade

A realización do feito imponible que corresponda de entre os definidos no apartado anterior pola orde establecida no mesmo, determinará a non suxeición do inmovible

urbano o rústico ás restantes modalidades no mesmo previstas.

Nos inmóbles de características especiais aplicarase esta mesma prelación, salvo cando os dereitos de concesión que podan recaer sobre o inmovible non esgoten a súa extensión superficial, suposto no que tamén se realizará o feito imponible polo dereito de propiedade sobre a parte do inmovible non afectada por unha concesión.

Teñen consideración de bens inmóbles de natureza urbana, rústicos e bens inmóbles de características especiais, os definidos como tales nas normas que regula o Catastro Inmobiliario os comprendidos nos seguintes grupos:

1. Os destinados á produción de enerxía eléctrica e gas e ao refino de petróleo e ás centrais nucleares.
2. As presas, saltos de auga e embalses, incluído o seu leito ou vaso, agás as destinadas
3. As autoestradas, estradas e túneles de peaxe.
4. Os aeroportos e portos comerciais.

E elo coas especificacións contidas no artigo 23 do Regulamento de Desenrolo do Catastro Inmobiliario aprobado por Real Decreto 417/2006 de 7 de abril, na súa redacción dada pola Sentenza do Tribunal Supremo de 30 de maio de 2007.

O carácter urbano ou rústico do inmovible dependerá da natureza do solo.

Artigo 2º. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas, e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeneral Tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.

No caso de bens inmóbles de características especiais, cando a condición de contribuínte recaia en un ou varios concesionarios, cada un deles o será pola súa cota, que se determinará en razón á parte do valor catastral que corresponda á superficie concedida e á construción ou parte do inmovible directamente vinculada a cada concesión.

Para esa mesma clase de inmóbles de características especiais, cando o propietario teña a condición de contribuínte en razón da superficie non afectada polas concesións, actuará como substituto do mesmo o Ente ou Organismo público ao que se refire o parágrafo segundo do núm. 1 do artigo 63 do Texto Refundido de

Facendas Locais de 5 de marzo de 2004 na súa redacción dada pola Lei 16/2007, o cal non poderá repercutir no contribuínte o importe da débeda tributaria satisfeita.

O disposto no apartado anterior será de aplicación, sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada conforme ás normas de dereito común.

As administracións públicas e os entes ou organismos considerados suxeitos pasivos, repercutirán a parte da cota líquida do imposto que corresponda, en quen, non reunindo a condición de suxeitos pasivos, fagan uso mediante contraprestación dos seus bens demaniais ou patrimoniais, os cales estarán obrigados a soportar a repercusión, que se determinará en razón á parte do valor catastral que corresponda á superficie utilizada e á construción directamente vinculada a cada arrendatario ou cesionario do dereito de uso.

Artigo 3º. Responsables

1. Responden solidariamente das obrigas tributarias todas as persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren en cometela.

2. Os coparticipantes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire a Lei Xeral Tributaria responderán solidariamente en proporción as súas respectivas participacións das obrigas tributarias destas Entidades.

3. No suposto de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigas tributarias pendentes transmitiranse aos socios ou partícipes no capital, que responderán delas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles houbese adxudicado.

4. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei Xeral Tributaria.

Artigo 4º. Exencións e afecciones reais

1.- Exencións directas de aplicación de oficio: As comprendidas no art. 62.1 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, destacando a seguinte:

a) A superficie dos montes poboados con especies de crecemento lento reglamentariamente determinadas, cuxo principal aproveitamento sexa a madeira ou a cortiza, sempre que a densidade do arboredo sexa a propia ou normal da especie de que se trate.

2.- Exencións directas de carácter rogado: As comprendidas con tal carácter no art. 62.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, destacando a seguinte:

a) A superficie dos montes nos se realicen repoboacións forestais ou rexeneración de masas arbóreas suxeitas a proxectos de ordenación ou plans técnicos aprobados pola Administración forestal. Esta exención terá unha duración de 15 anos, contados a partir do período impositivo seguinte a aquel no que se realice a solicitude.

3.- Exencións potestativas; en aplicación de criterios de eficiencia e economía na xestión recaudatoria do tributo, segundo o establecido no art. 62.4 do TRLFL, quedarán exentos de tributación no Imposto os recibos e liquidacións referidos

a) Os bens inmoables de natureza urbana cuxa cota líquida sexa inferior a seis euros.

b) Os bens de natureza rústica, no caso de que, para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade dos bens rústicos, posuídos no termo municipal sexa inferior a seis euros.

4.- Con carácter xeral, a concesión de exencións terá efecto a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non pode ter carácter retroactivo. Porén, cando o beneficio fiscal se solicita antes de que a liquidación sexa firme, concederáse se na data de devengo do tributo concorren os requisitos esixidos para o seu desfrute.

5.- Afección real na transmisión e responsabilidade solidaria na cotitularidade. De acordo ao artigo 64 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais de 5 de marzo de 2004, nos supostos de cambio, por calquera causa, na titularidade dos dereitos que constitúen o feito imponible deste imposto, os bens inmoables obxecto de ditos dereitos quedarán afectos ao pago da totalidade da cota tributaria, en réxime de responsabilidade subsidiaria, nos termos previstos na Lei Xeral Tributaria. A estes efectos, os notarios solicitarán información e advertirán expresamente aos comparecentes nos documentos que autoricen sobre as débedas pendentes polo Imposto sobre Bens Inmoables asociadas ao inmoable que se transmite, sobre o prazo dentro do cal están obrigados os interesados a presentar declaración polo imposto, cando tal obriga subsista por non terse aportado a referencia catastral do inmoable, conforme ao apartado 2 do artigo 43 do Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario e outras normas tributarias, sobre a afección dos bens ao pago da cota tributaria e, así mesmo, sobre as responsabilidades en que incorran pola falta de presentación de declaracións, o non efectualas en prazo ou a presentación de declaracións falsas, incompletas ou inexactas, conforme ao previsto no artigo 70 do Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario e outras normas tributarias.

6.- Responden solidariamente da cota deste imposto, e en proporción as súas respectivas participacións, os copartícipes ou cotitulares das entidades as que se refire o artigo 35.4. da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, si figuran inscritos como tales no Catastro Inmobiliario.

De non figurar inscritos, a responsabilidade esixirase por partes iguais en todo caso.

Artigo 5º. Base imponible.

A base imponible está constituída polo valor catastral dos bens inmobles, que se determinará, notificará e será susceptible de impugnación conforme ás normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

A base imponible dos bens inmobles de características especiais non terá redución de forma xeral, salvo o disposto no artigo 67.2 do TRLHL na súa redacción dada por Lei 16/2007.

Estes valores poderán ser obxecto de revisión, modificación ou actualización nos casos e do xeito que a Lei prevea.

Artigo 6º. Reducións.

1. A redución da base imponible será aplicable a aqueles bens inmobles, urbanos e rústicos, que se atopen nalgunha destas dúas situacións:

a) Inmable cuxo valor catastral se incrementa como consecuencia de procedementos de valoración colectiva, de carácter xeral, en virtude da aplicación do novo relatorio total de valor aprobado con posterioridade ao 1-1-1997 ou por aplicación de sucesivos relatos totais de valores que se aproben unha vez transcorrido o período de redución establecido no artigo 67 e seguintes do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais de 5 de marzo de 2004.

b) Cando se aprobe un relatorio de valores que dera lugar á aplicación de redución prevista, como consecuencia da aplicación prevista anteriormente e cuio valor catastral se altere antes de finalizar o prazo de redución por:

1.- Procedemento de valoración colectiva de carácter xeral.

2.- Procedemento de valor colectiva de carácter parcial.

3.- Procedemento simplificado de valoración colectiva.

4.- Procedemento de inscrición mediante declaracións, comunicacións, solicitudes e subsanación de discrepancia e inspección catastral.

2. A redución será aplicable de oficio coas normas contidas nos artigos 67, 68, 69 e 70 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais

Estas reducións, en ningún caso serán aplicables aos bens inmobles de características especiais, salvo as establecidas anteriormente e contidas en dito texto legal.

Artigo 7º. Base liquidable

1.- A base liquidable será o resultado de practicar, no seu caso, na imponible as reducións que legalmente se establezan.

2.- A base liquidable, nos bens inmobles de características especiais, coincidirá coa base imponible, salvo as específicas aplicacións que prevea a lexislación.

3.- A base liquidable notificarase conxuntamente coa base imponible nos procedementos de valoración colectiva. Dita notificación incluírá a motivación da redución aplicada mediante a indicación do valor base do inmable así como o importe da redución, no seu caso, e da base liquidable do primeiro ano de vixencia do valor catastral.

4.- O valor base será a base liquidable conforme ás normas do Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/2004 de 5 de marzo e regulamentos de desenrolo.

5.- A competencia nos distintos procedementos de valoración será a establecida no Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/2004 de 5 de marzo e regulamentos de aplicación.

Artigo 8º. Tipo de gravame e cota.

O tipo de gravame será:

a.- Para os bens inmobles de natureza urbana: o 0,4

b.- Para os bens inmobles de natureza rústica: o 0,4

c.- Para todos os grupos de bens inmobles de características especiais: o 1,3 %

Artigo 9º. Bonificacións.

Aplicaranse as bonificacións obrigatorias do art. 73 coas seguintes características e requisitos e establécense as bonificacións potestativas de acordo co art. 74 do texto Refundido da Lei das Facendas Locais:

1. Unha bonificación do 90% na cota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, para os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel en que se inicien as obras ata o posterior á terminación das mesmas, sempre e cando durante ese período se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso poida exceder de tres períodos impositivos.

Para aproveitar a citada bonificación, os interesados deberán de cumprir os seguintes requisitos:

a) Acreditación da data de inicio das obras de urbanización ou construción de que se trate, a que se fará mediante certificación do Técnico-Director competente delas, visado polo Colexio Profesional.

b) Acreditación de que a empresa se dedica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria mediante a presentación dos Estatutos da Sociedade.

c) Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado mediante a presentación de certificación do Administrador da Sociedade, ou fotocopia do último balance presentado ante a A.E.A.T., a efectos do Imposto sobre Sociedades.

d) A solicitude da bonificación pódese formular dende o momento no que se pode acreditar o inicio das obras.

2. Unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ó outorgamento da cualificación definitiva, para as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a estas conforme a normativa da Comunidade Autónoma de Galicia. Dita bonificación concederase a petición do interesado que poderá efectuarse en calquera momento anterior ó remate dos tres períodos impositivos de duración da mesma e producirá efectos no seu caso dende o período impositivo seguinte a aquel no que se solicite.

3. Unha bonificación do 95 % da cota íntegra e, no seu caso, do recargo do imposto a que se refire o artigo 153 da referida Lei, os bens rústicos das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal das Cooperativas.

4. Segundo o disposto no artigo 74.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, establécese unha bonificación do 90% sobre a cota íntegra do imposto aos bens inmovibles urbanos emprazados:

Na zona de Rede Natura, total ou parcialmente, entre os que se atopan, os seguintes núcleos:

Na parroquia de O Burgo:

- Armada de Baixo
- Armada de Riba
- Reboiras
- A Serra
- Carracedo
- O Barral
- Carelle Pequeno
- Carelle
- Cal do Baño
- Cabeceira
- Fragarrara
- Porto do Río
- Panceira

Na parroquia de Irixoa:

- Saamil
- Vilarcobo
- Travesal
- Arealba

Na parroquia de Viveiró:

- Rebordelos
- Aborbó

Na parroquia de A Balsa:

- Toda a parroquia enteira

5. En virtude do establecido no artigo 74.2 quáter, gozarán dunha bonificación do 95% por cento da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles nos que se desenvolvan total e exclusivamente, actividades agrarias e gandeiras pertencentes ao sector primario, e que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

Corresponderá ao Pleno da Corporación a declaración de especial interese ou de utilidade municipal, previa solicitude dos suxeitos pasivos, debendo contar co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

A bonificación terá carácter rogado e surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da presentación da solicitude.

Para poder gozar desta bonificación os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Declaración responsable do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo, de que está desenvolvendo a actividade agraria ou gandeira, así como Certificado de Facenda no que conste a súa situación censual.
- Declaración de que no inmovible para o que se solicita a bonificación non se está a desenvolver unha actividade económica distinta á agraria ou gandeira. Dita declaración deberá vir asinada polo suxeito pasivo.
- Acreditación da titularidade catastral do inmovible.
- Certificado de que o suxeito pasivo non ten débedas coa Facenda estatal, autonómica e local, nin coa Seguridade Social.
- Xustificante de recoñecemento da explotación ou licenza da actividade correspondente

6. En virtude do artigo 74.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aplicaranse bonificacións na cota íntegra do imposto a favor daqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa, previa solicitude do interesado e previa acreditación por parte do mesmo desa condición.

Así mesmo deberá acreditarse por parte do interesado, que o inmovible sobre o que pretende que se lle aplique a bonificación, constitúe a súa vivenda habitual, e que están empadroados nela todos e cada un dos membros que constitúen a unidade familiar numerosa.

Conforme ao establecido na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas, e demais normativa concordante, gozarán, na contía e condicións que se regulan neste artigo, dunha bonificación na cota íntegra do imposto correspondente á vivenda habitual da familia.

A tal efecto, entenderase por vivenda habitual a finca urbana de uso residencial destinada exclusivamente a satisfacer a necesidade permanente de vivenda do suxeito pasivo e a súa familia.

Presumirase que a vivenda habitual da familia numerosa é aquela na que figura empadroadada a familia.

No suposto de que o suxeito pasivo beneficiario sexa titular de mais dun inmovible radicado no Concello de Muras, a bonificación quedará referida a unha única finca urbana, sempre que, ademais, constitúa a vivenda habitual da unidade familiar, sen que poida gozarse de mais dunha bonificación aínda que foran varias as vivendas das que dispoña o suxeito pasivo ou a súa familia.

As bonificacións por esta condición quedan establecidas no seguinte xeito:

Categoría familia numerosa	Porcentaxe Bonificación para unidades familiares con ingresos de ata 3 veces o SMI	Porcentaxe Bonificación para unidade familiar con ingresos de mais de 3 veces o SMI e que non o superen en 5 veces
Xeral (tres ou catro fillos)	90,00%	50,00%
Especial (cinco ou mais)	50,00%	50,00%

A bonificación establécese de xeito anual e prorrogable, sempre e cando os bens inmobles sobre os que se pretenda aplicar a bonificación non teñan un valor catastral superior aos 32.000,00 euros.

Os suxeitos pasivos que cumprindo cos requisitos establecidos pretendan desfrutar desta bonificación deberán presentar a correspondente solicitude, á que deberán achegar a seguinte documentación:

- Copia compulsada do título de familia numerosa expedido polo órgano competente.
- Un certificado de empadramento no que consten todos os residentes do inmovible obxecto de bonificación.
- Copia do Imposto da Renda das Persoas Físicas ou, no seu caso, dos ingresos da unidade familiar.

Esta bonificación é compatible coa regulada no artigo 9.2 da presente ordenanza.

7. Terán dereito a unha bonificación de ata o 50% na cota íntegra do imposto para os bens inmobles nos que se instalaron sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía proveniente do sol. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación pola Administración competente cos seguintes requisitos:

- a) Que a instalación fora obxecto de comunicación previa/licenza.
- b) Que as instalacións para a produción de calor inclúan colectores homologados pola administración competente.
- c) No caso de inmobles suxeitos ao réxime de propiedade horizontal que realicen unha instalación compartida para subministrar enerxía en todos ou algún deles, só poderán beneficiarse da bonificación os inmobles vinculados á instalación.

Artigo 10º. Período impositivo e acreditación do imposto

1. O período impositivo é o ano natural.
2. O imposto acredítase o primeiro día do ano.
3. As variacións de orde físico, económico ou xurídico, incluíndo as modificacións de titularidade, teñen efectividade a partir do ano seguinte a aquel no que se producen.
4. Cando o Concello coñeza a conclusión das obras que orixinen unha modificación de valor catastral, respecto ao que figura no seu Padrón, liquidará o IBI na data na que o Catastro lle notifique o novo valor catastral.
5. A liquidación do imposto comprenderá a cota correspondente aos exercicios "meritados" e non prescritos, entendendo por estes os comprendidos entre o seguinte a aquel no que se van a finalizar as obras que orixinaron a modificación de valor e o presente exercicio.
6. No seu caso, deducirase da liquidación correspondente a este exercicio e aos anteriores a cota satisfeita por IBI a razón de outra configuración do inmovible, diferente da que tivo na realidade.

Artigo 11º. Réxime de declaración e ingreso

1. Aos efectos previstos no artigo 76 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, os suxeitos pasivos, están obrigados a formalizar as declaracións de alta, no suposto de novas construcións, as declaracións de modificación de titularidade en caso de transmisión do ben, así como as restantes declaracións por alteracións de orde físico, económico ou xurídico nos bens inmobles que teñan transcendencia a efectos deste imposto.
 2. Sendo competencia do Concello o recoñecemento de beneficios fiscais, as solicitudes para acollerse deben ser presentadas á administración municipal, ante a cal debemos indicar, así mesmo, as circunstancias que orixinan ou xustifican a modificación do réxime.
 3. Sen prexuízo da obrigación dos suxeitos pasivos de presentar as modificacións, alteracións e demais, o Concello, sen menoscabo das facultades do resto das Administracións Públicas, comunicará ao Catastro a incidencia dos valores catastrais ao outorgar licenza ou autorización municipal.
 4. As liquidacións tributarias son practicadas polo Concello, tanto as que corresponden a valores - recibo como as liquidacións por ingreso directo, sen prexuízo da facultade de delegación da facultade de xestión tributaria.
 5. Contra os actos de xestión tributaria, competencia do Concello, os interesados poden formular recurso de reposición, previo ao contencioso -administrativo, no prazo dun mes a partir da notificación expresa ou da exposición pública dos padróns correspondentes.
 6. A interposición de recurso non paraliza a acción administrativa para o cobro, a menos que dentro do prazo previsto para interpoñer o recurso, o interesado solicite a suspensión da execución do acto impugnado e acompañe a garantía polo total da débeda tributaria.
- Porén, en casos excepcionais, a alcaldía pode acordar a suspensión do procedemento, sen prestación de ningún tipo de garantía, cando o recorrente xustifique a imposibilidade de prestala ou ben demostra de xeito concluínte a existencia de erros materiais na liquidación que se impugna.
7. O período de cobro para os valores - recibo notificados colectivamente determinarase cada ano e anunciarase conforme ao Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario de 5 de marzo de 2004.

As liquidacións de ingreso directo deben ser satisfeitas nos períodos fixados polo Regulamento Xeral de Recadación, que son:

- a) Para as notificadas dentro da primeira quincena do mes, ata o día 5 do mes natural seguinte.
- b) Para as notificadas dentro da segunda quincena do mes, ata o día 20 do mes natural seguinte.

8. Transcorridos os períodos de pago voluntario sen que a débeda se teña satisfeito, iníciase o período executivo, o cal comporta a acreditación do recargo do 20 por cento do importe da débeda non ingresada, así como o dos intereses de demora correspondentes.

O recargo será do 10 por cento cando a débeda se ingrese antes de que fora notificado ao debedor a providencia de constrinximento.

Artigo 12º. Xestión por delegación

No caso de xestión delegada, as atribucións dos órganos municipais se entenderán exercidas pola Administración convida ou delegada. Para o procedemento de xestión e recadación non establecido nesta ordenanza deberá aplicarse o establecido pola lexislación vixente.

Artigo 13º. Revisión.

1. Os actos de xestión e inspección catastral do imposto serán revisables nos termos e de acordo cos procedementos sinalados no RDL 2/2004, de 5 de marzo e no Real Decreto Legislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

2. Os actos de xestión tributaria do imposto serán revisables conforme o preceptuado no artigo 14 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, e demais concordantes de aplicación.

Disposición adicional primeira.

Para o non previsto nesta Ordenanza fiscal estarase ao disposto no RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Disposición adicional segunda.

As modificacións producidas pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado ou calquera outra norma de rango legal que afecte a calquera elemento do presente imposto será de aplicación dentro do ámbito desta Ordenanza.

Disposición final.

A presente Ordenanza Fiscal derroga a publicada no BOP de Lugo do 9 de maio de 2020, e entrará en vigor o día seguinte ao da publicación da aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2026, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Muras, 15 de decembro de 2025.- O alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 3431

NAVIA DE SUARNA

Anuncio

PRESUPOSTO XERAL EXERCICIO 2026

Na Intervención desta Entidade Local e conforme dispoñen os artigos 112 da Lei 7/85, de 2 de Abril e 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, encóntranse expostos ó público, a efectos de reclamacións, o Presuposto Xeral e a Plantilla de Persoal para o exercicio de 2026, aprobado inicialmente polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 18 de decembro de 2025.

Os interesados que estén lexitimados según o disposto no artigo 170.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, citado e enumerados no número 2 de dito artigo 170, poderán presentar reclamacións con suxeición ós seguintes trámites:

a) Prazo de exposición e admisión de reclamacións: Quince días hábiles a partir do seguinte á data de inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

b) Oficina de presentación: Rexistro Xeral.

c) Órgano ante o que se reclama: Concello Pleno.

Faise constar expresamente que en caso de non presentarse reclamacións, o Presuposto considerárase definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo plenario.

Navia de Suarna, 18 de decembro de 2025.- O alcalde, José Fernández Fernández.

R. 3555

OUIROL*Anuncio*

Anuncio de notificación de 12 de decembro de 2025 en procedimientu de baixas de oficio en el Padrón Municipal de Habitantes de Ouirul.

De conformidat con los artículos 44 y 46 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimientu Administrativo Común de las Administraciones Públicas, intentada sin efecto la notificación del acto que se indica por causas no imputables a la Administración, se inicia un plazo de quince días hábiles, que empezará a contar desde el día siguiente al de la publicación de este anuncio en el Tablón Edictal Único del Boletín Oficial del Estado.

Se comunica para que las personas interesadas presenten las alegaciones que consideren oportunas respecto a su situación en el Padrón de Habitantes.

RELACIÓN DE INTERESADAS/INTERESADOS:

DOCUMENTO: P572061095

DOCUMENTO: Z - 01040466 - C

DOCUMENTO: YB9368456

DOCUMENTO: P521950935

DOCUMENTO: YE261127

DOCUMENTO: 35655872 - F

DOCUMENTO: M., S.B. (representante docum. Nº 35655872 - F)

De no presentar alegaciones en dicho plazo y una vez informado favorablemente por el Consejo de Empadronamiento, se procederá a la baja en el Padrón Municipal de Habitantes del Ayuntamiento de Ouirul.

Ouirul, 12 de decembro de 2025.- El alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 3532

OUTEIRO DE REI*Anuncio***NOMEAMENTO DE PERSOAL NO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI.****PERSOAL EVENTUAL**

D. José Pardo Lombao, alcalde do Concello de Outeiro de Rei.

Á vista do acordo adoptado en sesión plenaria de 22 de xuño de 2023 que copiado literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN RELATIVO A INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DE SERVIZO DOS CONCELLEIROS MUNICIPAIS, DEDICACIÓNS PARCIAIS E PERSONAL EVENTUAL.

D. José Pardo Lombao, alcalde do Concello de Outeiro de Rei, propón ao pleno da Corporación, o seguinte:

(...)

Cuarto.- Determinar a creación de un posto de persoal eventual (art. 104. LBRL), cunha retribución bruta anual de 30.000 euros distribuídos en 14 pagas”.

DISPOÑO:

1º.- Nomear para o posto de persoal eventual do Concello de Outeiro de Rei a Dona Verónica Fernández Nuñez con DNI 33536155Q, en labores de asesoría administrativa, de confianza ou asesoramento especial, en xornada de dedicación exclusiva. O soldo será de 30.000€ anuais distribuídos en 14 mensualidades, por asimilación aos grupo C1.

O Concello asumirá o pago das cotas empresariais á Seguridade Social que lle correspondan.

2º.- Darse conta deste acordo á Intervención e a Tesourería e se publicará no BOP de Lugo.

3º.- Surtirá efectos de alta con data 16 de decembro de 2025.

Outeiro de Rei, 15 de decembro de 2025.- O alcalde, José Pardo Lombao.

R. 3542

A PONTENOVA

Anuncio

LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) E DA ESCOLA DE MÚSICA DE NOVIEMBRE 2025.

Por Resolución de alcaldía do 11 de decembro de 2025, resólvese prestar aprobación das devanditas listaxes que estarán expostas nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poidan ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobadas se transcorrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas nas listaxes de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar: **dende o 9 de xaneiro de 2026 ao 9 de marzo 2026**, ámbolos dous inclusive.

B) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo da Escola de Música: **dende o 9 de xaneiro de 2026 ao 9 de marzo de 2026**, ámbolos dous inclusive.

C) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal da **Pontenova**.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado éste, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde en

A Pontenova, 12 de decembro de dous mil vinte e cinco.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 3543

RÁBADE

Anuncio

Por resolución da Alcaldesa do Concello de Rábade de data 4 de decembro de 2025 aprobouse o padrón das Escolas Deportivas municipais correspondente ao mes de novembro 2025, por importe total de 2.229 euros, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e se presenten contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes.

Dado que os recibos están domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, 5 de decembro de 2025.- A alcaldesa, María Remedios González Cabarcos.

R. 3544

Anuncio

Por resolución da Alcaldesa do Concello de Rábade de data 10 de decembro de 2025 aprobouse o padrón das Escolas Deportivas municipais correspondente ao mes de decembro 2025, por importe total de 2.281 euros, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e se presenten contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes.

Dado que os recibos están domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, 10 de decembro de 2025.- A alcaldesa, María Remedios González Cabarcos.

R. 3545

Anuncio

Por resolución da Alcaldesa do Concello de Rábade de data **5 de decembro de 2025** prestouse aprobación ao Padrón da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes **de novembro de 2025**, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, 5 de decembro de 2025.- A alcaldesa, María Remedios González Cabarcos.

R. 3546

XOVE

Anuncio

Aprobada inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa polas actuacións municipais desenvolvidas con motivo da presentación dunha comunicación previa de primeira ocupación ou utilización por acordo acadado en sesión ordinaria do Pleno de data 15 de decembro de 2025, de conformidade co artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese a información pública polo prazo de trinta (30), a contar desde día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo para que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen oportunas.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

No caso de non presentarse reclamacións no citado prazo, entenderase definitivamente aprobado o acordo de aprobación da mencionada Ordenanza.

Xove, 16 de decembro de 2025.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 3547

Anuncio

Aprobada definitivamente a supresión do servizo público local de escola de ximnasia rítmica do concello de Xove, por acordo do Pleno de data 15 de decembro de 2025, de conformidade cos artigos 309.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, así como, no artigo 97 do Texto Refundido das disposicións legais Vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, faise público o dito acordo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Contra o dito acordo que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da presente publicación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses.

Xove, 16 de decembro de 2025.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 3548
